1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso na praza, vacante e dotada, incluída na OEP do ano 2022 - IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 2 Réxime xurídico laboral, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinala:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
3303	Vixilante Vías e Obras	AP	975	Vixilante Vías e Obras Entrada	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso á praza sinalada no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, á persoa que presta servizos temporais vinculados á praza/posto que se convoca, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIAS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO NUNHA (1) PRAZA DENOMINADA VIXILANTE VÍAS E OBRAS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado I C) (BOP núm. 120, do 27.05.2022), cota xeral ou cota persoas con capacidades diferentes, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZA QUE SE CONVOCA: 1

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
3303	Vixilante Vías e Obras	AP	975	Vixilante Vías e Obras Entrada	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, a persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non se require ningunha titulación académica oficial das previstas no sistema educativo.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 2

5.3. Outros requisitos (complemento da base xeral 4 apartado g): permiso de condución B.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Lugo, 7 de outubro de 2022. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2996

Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 23.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL, E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXONA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DEZASETE(17) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, DEZASEIS (16) DA COTA XERAL E UNHA (1) DA COTA DE RESERVA PARA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas as bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrència, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrència, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021, que dispón que “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022” e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 2 Réxime xurídico laboral, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
3317	Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais	AP	1432	Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada	Xeral
3318			1433		
3319			1434		
3320			1435		
3321			1436		
3323			1438		
3324			1439		
3325			1440		
3326			1441		
3327			1442		
3328			1443		
3329			1444		
3330			1445		
3331			1446		
3333	1448				
3334	1449				
3335			1450		Reserva persoas con capacidades diferentes

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados ás prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que “a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso”, segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DEZASETE (17) PRAZA/S DENOMINADAS PEÓN/PEOA REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, DEZASEIS (16) DA COTA XERAL E UNHA (1) DA COTA PARA PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES (ART 59.1 DO EBEP), INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado I C) (BOP núm. 120, do 27.05.2022), cota xeral ou cota persoas con capacidades diferentes, polo sistema de concurso, acceso libre.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 17

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
3317	Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais	AP	1432	Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada	Xeral
3318			1433		
3319			1434		
3320			1435		
3321			1436		
3323			1438		
3324			1439		
3325			1440		
3326			1441		
3327			1442		
3328			1443		
3329			1444		
3330			1445		
3331			1446		
3333	1448				
3334	1449				
3335			1450		Reserva persoas con capacidades diferentes

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto; e coa disposición adicional sexta do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non se require ningunha titulación académica oficial das previstas no sistema educativo.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 2

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 10.2.

Lugo, 7 de outubro de 2022. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2997

Anuncio

A Xunta de Goberno en sesión ordinaria de 23.09.2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL, E BASES ESPECÍFICAS PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, DA COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO), ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“A presente convocatoria enmárcase dentro do obxectivo de reducir a temporalidade no emprego público, seguindo o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que autoriza unha convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración.

A disposición adicional sexta da Lei 20/2021 indica que “as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estiveran ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade a 1 de xaneiro de 2016. Estes procesos, que se realizarán por unha soa vez (...)”.

En execución da Oferta de Emprego Público (OEP) da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2022, aprobada por resolución da presidencia de 25.05.2022 e publicada no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo núm. 120, do 27.05.2022, e conforme ao sinalado no art.2.2 da Lei 20/2021, “(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes do 31 de decembro de 2022”.

Os criterios xerais de desenvolvemento dos procesos selectivos, foron negociados coas organizacións sindicais que contan con representación nos órganos unitarios de representación do persoal da entidade, aprobándose na Mesa Xeral de Negociación do 19.05.2022 sen ningún voto en contra.

Visto que as bases específicas, que se incorporan á presente convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, que se realizará por unha soa vez que rexerán xunto coas bases xerais os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal aos que resulta de aplicación a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, cumpren co sinalado na normativa de aplicación, isto é:

1) Garanten a libre concorrência, así como os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade cumprindo o sinalado nos seguintes artigos:

a. Art. 55.1, 55.2 e 61.1 do RD legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

b. Art. 2.4 da Lei 20/2021 “A articulación de estes procesos selectivos, que, en todo caso, garantirán o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

2) Establecen como sistema selectivo o concurso, cumprindo o establecido para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración ás que se refire a disposición adicional sexta da Lei 20/2021.

3) Cumpren as recomendacións da Secretaría de Estado de Función Pública sobre as orientacións para a posta en marcha dos procesos de estabilización derivados da Lei 20/2021 (disposición adicional 6ª).

4) Cumpren os criterios aprobados na Mesa Xeral de Negociación de data 19.05.2022 para as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración.

5) Establecen o sistema de incorporación ás listaxes de emprego temporal da entidade previsto na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021.

Propónse á Xunta de Goberno que, en cumprimento do sinalado no art. 2.2 da Lei 20/2021, que dispón que "(...) a publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberán producirse antes do 31 de decembro de 2022" e do disposto no art. 59.5 do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Lugo que:

1º.- Convoque o procedemento selectivo para o ingreso nas prazas, vacantes e dotadas, incluídas na OEP do ano 2022 - IC) Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposición adicional sexta da Lei 20/2021), apartado - IC) 2 Réxime xurídico laboral, acceso libre, polo sistema de concurso, que a continuación se sinalan:

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN	COTA
169 1163	Peón/Peoa Granxa	AP	165 1167	Peón/Peoa Granxa Entrada	Xeral

2º.- Aprobe as bases específicas que, xunto coas bases xerais, regularán o proceso selectivo para o acceso ás prazas sinaladas no punto 1º.

3º.- Ordene a publicación da presente convocatoria e bases específicas no BOP, enviando extracto ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e a Boletín Oficial do Estado (BOE).

4º.- Ordene notificar a publicación da convocatoria e das bases específicas no BOP, ás persoas que prestan servizos temporais vinculados ás prazas/postos que se convocan, ao obxecto de informar de que "a non participación do/a candidato/a no proceso selectivo de estabilización non dará dereito a compensación económica en ningún caso", segundo o establecido no art. 2.6 da Lei 20/2021.

5º.- Dispoña que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo con anterioridade ao 31.12.2024, tal e como sinala o art. 2.2 da Lei 20/2021."

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

PROPOSTA DE BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO NA DEPUTACIÓN DE LUGO EN DÚAS (2) PRAZAS DENOMINADAS PEÓN/PEOA GRANXA, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, COTA XERAL, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PARA O ANO 2022 (BOP NÚM. 120, DO 27.05.2022) - APARTADO I C) - NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DA6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais que regulan os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, que convoque a Deputación de Lugo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022 - apartado IC) (BOP núm. 120, do 27.05.2022) acceso libre, concurso, cota xeral ou cota persoas con discapacidade.

2. PRAZAS QUE SE CONVOCAN: 2

Nº PRAZA	DENOMINACIÓN PRAZA	GRUPO SUBGRUPO	Nº POSTO	DENOMINACIÓN POSTO	COTA
169 1163	Peón/Peoa Granxa	AP	165 1167	Peón/Peoa Granxa Entrada	Xeral

3. RETRIBUCIÓN

As prazas convocadas e os correspondentes postos que ocuparán as persoas aspirantes seleccionadas atópanse vacantes e dotadas no orzamento vixente, correspondéndolles as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4. COMETIDO FUNCIONAL

Será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo (RPT) da Deputación de Lugo ou, se é o caso, disposición que a substitúa, conforme á titulación esixida baixo a dirección e supervisión correspondente, así como outras que dentro da súa competencia poidan ser encomendadas polos órganos competentes en calquera dos servizos desta.

En ausencia dos anteriores instrumentos, as persoas ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

5.1. Titulación académica (complemento da base xeral 4 apartado e).

De acordo co apartado c) do art. 135, do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, co art. 25 da Lei 30/1984, do 2 de agosto: e coa disposición adicional sexta do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido la Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP), non se require ningunha titulación académica oficial das previstas no sistema educativo.

5.2. Nivel de galego (complemento da base xeral 4 apartado f): Celga 2.

6. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

A articulación do concurso está recollida na base xeral 8.2.

Lugo, 7 de outubro de 2022. O secretario xeral, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2998

CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de 17 de outubro de 2022 apróbase a Convocatoria e as Bases Específicas para a selección de persoal temporal dun/dunha “Técnico sociocultural e turístico” (PROGRAMA: FOMENTO DE EMPREGO 2022 – PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO) e creación dunha listaxe de emprego temporal.

CONVOCATORIA

Denominación e características obxecto da convocatoria do emprego de “Técnico Sociocultural e Turístico”:

- **Nº empregos:** 1.
- **Denominación:** Técnico Sociocultural e Turístico – Programa Fomento de Empleo 2022 – Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022.
- **Réxime Xurídico:** Funcionario interino (art. 10.1.c/ EBEP).
- **Clasificación:** Grupo C – Subgrupo C1.
- **Duración vínculo de servizo:** 10 meses desde a formalización do contrato e cun límite temporal do 31/10/2023.
- **Xornada:** Completa (100%)

Listaxe de emprego temporal para a praza de “Técnico Sociocultural e Turístico”

- **Modalidade da listaxe:** Específica

O extracto da convocatoria e as bases específicas publicarase no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web (www.concellodealfoz.com).

Prazo de presentación: Será de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria e das bases no BOP.

Lugar de presentación: Será no Rexistro Xeral do Concello ou a través das formas establecidas na vixente Lei do Procedemento Administrativo Común.

BASES ESPECÍFICAS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN PARA CUBRIR UN EMPREGO: “TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO”, FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP), A TRAVÉS DO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2022 – PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2022E CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL.

1. OBXECTO.

Constitúe o obxecto das presentes bases específicas, que complementan as bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal para prestar servizos no concello de Alfoz publicadas no BOP de Lugo de data 23 de novembro de 2017, a regulación do procedemento de selección mediante sistema de concurso-oposición do posto de “TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO” a xornada completa ao abeiro do Programa de Fomento do Emprego 2022 de conformidade co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2022 da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de Lugo de data 10 de xaneiro de 2022.

2. DENOMINACIÓN DO EMPREGO E CARÁCTERÍSTICAS:

- **DENOMINACIÓN:** TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO
 - **GRUPO/SUBGRUPO PROFESIONAL:** C/C1.
 - **RÉXIME XURÍDICO:** FUNCIONARIAL (FUNCIONARIO INTERINO DO ARTIGO 10.1.c/ “*execución de programas de carácter temporal*” do RDL 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).
 - **DURACIÓN DO VÍNCULO DE SERVIZO:** 10 MESES desde o seu nomeamento e cun límite temporal do 31 de outubro de 2023.
 - **XORNADA:** A TEMPO COMPLETO (100%).
 - **COMETIDO FUNCIONAL:** Consistirá na realización de funcións propias de atención, información e realización de actividades, en calquera tipo de medio, encamiñadas a promoción sociocultural e turística do Concello de Alfoz e calquera outra que se desprenda dos diferentes servizos municipais e acorde coa súa cualificación, non relacionada anteriormente, que lle encomende a autoridade municipal no exercicio das súas funcións.
- 3.- **RETRIBUCIÓN:** Soldo correspondente ao Grupo/Subgrupo Profesional C/C1 e Nivel Complemento de Destino: 20. (Dúas pagas extras ou, se é o caso, a parte proporcional correspondente).

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

a) Xerais:

- **Titulación Académica mínima necesaria para participar no proceso selectivo:** Estar en posesión do título de Bacharelato ou do ciclo formativo de técnico superior, titulación superior ou equivalente.

b) Específicos:

- **Estar inscrito na Oficina de Emprego** en situación de desemprego ou de mellora de emprego, que deberá acreditarse con certificación ou informe da Oficina de Emprego.
- Nivel de coñecemento do idioma galego esixido para realizar as funcións da praza/posto/emprego convocado: **CELGA 4** ou se carece desta acreditación a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.

Os anteriores requisitos, deberanse posuír con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo.

5. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO - OPOSICIÓN.

5.1. FASE DE OPOSICIÓN.

A proba a realizar na fase de oposición será de carácter teórico e a súa finalidade é que as persoas aspirantes poidan amosar os seus coñecementos sobre as materias comúns e as materias específica contidas no programa.

A proba poderá consistir, segundo determine o Tribunal, en:

Primeira opción:

A) Exame tipo test sobre os temas incluídos no apartado de materias común do programa.

B) Exposición por escrito dun tema, ou dunha parte deste, das materias específicas do programa, determinado por sorteo diante das persoas participantes.

Segunda opción:

Nun exame tipo test que abrangue a totalidade do programa (materias comúns e específicas).

O Tribunal determinará:

- O número de preguntas do exame tipo test.
- O tempo para a realización da proba.
- Os criterios de corrección, podendo penalizar no exame tipo test as respostas erróneas ou establecer outros criterios obxectivos de corrección.
- A lectura pública polos aspirantes dos seus exercicios escritos sobre o tema específico, así como a realización de preguntas ou aclaracións necesarias que versarán sobre a materia obxecto da proba.

Esta proba é obrigatoria e eliminatória.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos, sendo a puntuación mínima para superala 15 puntos.

5.2. FASE DE CONCURSO. BAREMO DE MÉRITOS (puntuación máxima 20 puntos).

Criterios xerais para todos os apartados do baremo:

- Só se valorarán os méritos que a xuízo do Tribunal estean debidamente acreditados.
- Non se valorarán os méritos acreditados que non estean relacionados, a xuízo do Tribunal, coas funcións sinaladas do emprego convocado.

5.2.1 Experiencia profesional (puntuación máxima de 8 puntos).

Criterios xerais:

- O cómputo dos días de experiencia profesional realizarase conforme aos días acreditados no informe de vida laboral.
- A experiencia nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público puntuarase se a relación de servizos é funcional, laboral ou, se é o caso, autónoma.
- No suposto de ser autónomo a puntuación realizarase segundo o tempo certificado polas Administracións Públicas ou polas Entidades do Sector Público que corresponda.
- A puntuación da experiencia profesional en entidades privadas realizarase en atención a denominación dos servizos prestados que figuren no contrato de traballo ou na nómina.

Criterios de puntuación:

a) Experiencia profesional nas Administracións Públicas e/ou nas Entidades do Sector Público.

- Desempeño como técnico, monitor ou animador sociocultural e/ou turístico: Valorarase a razón de 0,20 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de prazas/postos/empregos con funcións similares ao posto convocado: Valorarase a razón de 0,10 puntos por cada 30 días de traballo.

b) Experiencia profesional en Entidades Privadas.

- Desempeño como técnico, monitor ou animador sociocultural e/ou turístico: Valorarase a razón de 0,14 puntos por cada 30 días de traballo.
- Desempeño de postos/empregos similares: Valorarase a razón de 0,07 puntos por cada 30 días de traballo.

5.2.2. Formación académica (puntuación máxima 5 puntos).

- Por estar en posesión do título de monitor de actividades de tempo libre, impartidos ou homologados pola Administración Pública, de polo menos 200 horas de duración: 2 puntos.
- Por estar en posesión dunha titulación dun ciclo superior relacionada coas funcións propias da praza que se convoca: 2 puntos por titulación.
- Por estar en posesión dunha titulación superior á mínima esixida e relacionada coas funcións propias da praza que se convoca: 2,5 puntos por titulación.

5.2.3. Formación Complementaria (puntuación máxima 5 puntos).

Criterios xerais:

- So se valorarán os cursos convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública.
- Non se puntuarán as materias que formen parte dunha titulación académica, nin de masters propios.
- Non se puntuarán as accións formativas que non acreditan as horas de duración.

- Coñecementos ofimáticos (ata un máximo de 3 puntos).

Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.

- Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis): 0,10 puntos por cada 10 horas de curso.

- Outro tipo de formación (ata un máximo de 2 puntos).

- Polos cursos, xornadas, seminarios, masters propios e similares, relacionados co posto de traballo: 0,10 puntos por cada 30 horas de curso. (ata un máximo de 2 puntos)

5.2.4. Idiomas acreditados (ata un máximo de 2 puntos). So se puntuará o curso de maior puntuación de cada idioma.

- Coñecemento do idioma inglés: (ata un máximo de 1,5 puntos)
 - a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.
 - b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,4 puntos. Nivel B2: 0,8 puntos.
 - c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 1,2 puntos. Nivel C2: 1,5 punto.
- Coñecemento doutros idiomas: (ata un máximo de 1 punto)
 - a) Nivel usuario básico: Nivel A1: 0,1 puntos. Nivel A2: 0,2 puntos.
 - b) Nivel usuario independente: Nivel B1: 0,30 puntos. Nivel B2: 0,6 puntos.
 - c) Nivel usuario competente: Nivel C1: 0,8 puntos. Nivel C2: 1 punto.

6.- PROBA DE GALEGO.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que:

"[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega."

Aquelas persoas aspirantes que non acrediten o nivel de galego sinalado nos requisitos deberán realizar esta proba que poderá consistir, alternativamente, na tradución dun texto en castelán para o galego ou en galego para o castelán.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase con apto ou non apto.

7. REQUISITO PREVIO Á CONTRATACIÓN.

Conforme ao artigo 11.1 das Bases do Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2022, publicadas no BOP de Lugo número 6 do día 10 de xaneiro de 2022, no programa de Fomento de Emprego, é imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

A persoa que sexa proposta para este posto de "TÉCNICO SOCIOCULTURAL E TURÍSTICO", deberá presentar, ademais da documentación especificada nas bases xerais, a seguinte documentación:

- Documentación (certificado, informe ou tarxeta de demanda actualizada) da Oficina de Emprego onde se acredite que está desempregado ou en mellora de emprego.

8. CREACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL ESPECÍFICA.

A finalidade desta listaxe de emprego é atender as necesidades futuras de persoal temporal derivadas da propia convocatoria.

A listaxe de emprego temporal estará integrada polas persoas que superaron o proceso selectivo, pero non resultaron seleccionadas, ordenadas de maneira decrecente polas puntuacións obtidas.

A regulación desta listaxe está recollida nas Bases Xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal, con carácter provisional ou temporal, para prestar servizos ao Concello de Alfoz, aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 16 de novembro de 2017 e publicada no BOP número 269 de 23 de novembro de 2017.

9. PROGRAMA PRAZA/POSTO/EMPREGO DE ANIMADOR TURÍSTICO:**A) MATERIAS COMÚNS.**

Tema 1.-A Constitución Española de 1978 e principios xerais desta. Estrutura.

Tema 2.- As Cortes Xerais. O Goberno. A Coroa.

Tema 3.- O Poder Xudicial. O Tribunal Constitucional.

Tema 4.- A lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local.

Tema 5.- O Procedemento administrativo Local.

B) MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 1.- Coñecemento do municipio de Alfoz: Historia, Patrimonio, Xeografía, cultura, e principais festas.

Tema 2.- Animación sociocultural: Concepto, obxectivos, funcións, modalidades.

Tema 3.- Elaboración e deseño de programas e proxectos culturais.

Tema 4.- A infraestrutura cultural para a práctica do lecer e o tempo libre en Alfoz.

Tema 5.- A lei 7/2011, de 27 de outubro, de Turismo de Galicia.

Tema 6.- A promoción turística. A promoción de recursos turísticos. Galicia como destino turístico.

Alfoz, 17 de outubro de 2022.- O Alcalde, JORGE VAL DÍAZ.

R. 2949

SOBER*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 14 de outubro de 2022, aprobouse o Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia correspondente ao mes de setembro de 2022.

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de 15 días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA) O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Sober, 14 de outubro de 2022.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 2950

VILALBA*Anuncio*

Formulada e rendida a Conta Xeral deste Concello correspondente ao exercicio 2021 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión de data 20 de outubro de 2022 (CEC/2022/2); expónse ao público nas oficinas da Intervención municipal por espazo de quince días hábiles durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Vilalba, a 20 de outubro de 2022. A Alcaldesa, Dña. María Elba Veleiro Fernández.

R. 3027

VIVEIRO*Anuncio*

Con data de 14 de outubro do 2022, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa Entrada Vehículos a Través das Beirarrúas(Vados)	2022	46.492,48-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza:

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **26 de outubro** de 2021 ata o **26 de decembro** de 2022, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidades teñen estabrecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 10 de novembro de 2022 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, a 14 de outubro 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2999